

Na reunión de hoxe tratáronse os seguintes temas, que afectan as Xefaturas da Inspección de Telecomunicacións e a MUFACE:

Xefaturas da Inspección de Telecomunicacións

EPIs, roupa e equipamento de telecomunicacións. Informan de que o contrato de suministros para a adquisición de EPI,s e outros equipamentos foi adxudicado á empresa Iturri. Vaise empezar a tramitar a entrega dos equipos as persoas que o solicitaron. Ata o momento recibíronse un total de 77 solicitudes.

Seguros de vehículos. Están en vigor ata febreiro do 2026.

Planificación dos recoñecementos médicos. Houbo retraso na adxudicación do contrato para este cometido debido a que un dos licitadores non presentou a documentación co detalle preciso e solicitouse subsanación; por este motivo, están sen facer os recoñecementos médicos.

MUFACE

Planificación dos recoñecementos médicos. Aínda non remataron os recoñecementos porque houbo retrasos nalgunhas provincias.

Avaliacións de riscos psicosociais. Este ano farase a avaliación na Coruña e Pontevedra. Polo momento segue pendente ata a adxudicación do novo contrato do servizo de prevención.

Enquisa de clima laboral MUFACE 2025. Conclusións. Foi contestada por 319 persoal (40% do persoal). Avaliáronse aspectos como:

- A satisfacción xeral có traballo, obtén unha puntuación de 6,27 sobre 10 e á pregunta sobre a realización persoal, de 5,83.
- A promoción profesional e condicións económicas, son os aspectos que obteñen a menor puntuación e **un 86% do persoal afirma que marcharía de MUFACE se poidera.**
- O ambiente laboral é valorado positivamente pero, só 92 persoas de 319 afirman non ter vivido algún incidente e 144 tiveron algún problema con persoas externas. Está claro que a atención ao público funcionario non é tarefa fácil e compre revisar a súa xestión.
- A definición de funcións e a adecuación da carga de traballo son outros dos parámetros con baixa puntuación.

Moitas persoas reclaman que se aborden os temas de acoso laboral, xestión de conflitos, saúde mental e seguridade nos postos de traballo.

Medición do gas Radón. O estudo que se iniciou en maio en Pontevedra aínda non rematou porque se fixo en verán, cando a normativa dí que debe facerse na época de máis risco que é o outono e inverno. Polo tanto, o estudo ten que pospoñerse.

Guías para as directoras y directores provinciais no ámbito da prevención. Xa foron enviadas e recollen as competencias e medidas a aportar polas persoas que ocupen estes postos. Dende a CIG solicitamos aclaración sobre a competencia nesta materia no caso da **Oficina Delegada de Vigo**. Segundo os servizos centrais, a competencia en prevención é do Director Provincial de Pontevedra.